

O BAÚL DOS RECORDOS

Érase unha vez catro amigas chamadas: Luna, Vera, Elena e Nora que vivían en Mera. Luna vivía nun edificio branco e alto, Vera nunha casa marrón xigante, Elena no mesmo edificio que Luna e Nora no piso do lado. A nosa historia comeza un 22 de xuño pola mañá. Tódolos nenos estaban desfrutando xa das vacacións de verán e as rapazas tiñan “un planazo” para o verán. Como xa tiñan doce anos, os seus pais deixáranlles ir soas a casa de verán de Luna, situada preto do mar.

A casa herdárona os seus pais ,diso había uns meses e era a primeira vez que Luna e mailas súas amigas a visitaban. Era moi grande, branca e cunha ventá grande no alto da casa, onde estaba situado o faiado.

Cando chegaron abraiáronse moito co que viron. Ían quedar na habitación principal, onde os seus pais puxeran dúas liteiras para que durmisen as dúas semanas que ían quedarse soas alí.

Estaban moi emocionadas por estar soas, ir á praia cando quixesen, comer xeados ata estoupar e poder fartarse de lambetadas. Puxéronse a desfacer as maletas e despois exploraron a casa. De súpeto, Nora atopouse cunha porta chea de po e foi chea de curiosidade a preguntarlle a Luna que había alí.

Luna contestoulle: “Non sei . É a primeira vez que veño, se queres entramos”.

Foron avisar a Elena e a Vera, e as catro xuntas decidiron entrar. Alí encontráronse un baúl vello que pertencía ao avó de Luna.

Tiñan moita curiosidade e decidiron abrilo. Dentro atoparon cartas, fotos postais... Alí había de todo! Pero o máis curioso foi que alguén lle tiña enviado cartas ao avó de Luna dende Alemaña. Vera chea de intriga preguntoulle a Luna:

-Pero o teu avó como coñecía a xente en Alemaña, se el naceu en Mera e viviu toda a súa vida aquí?

Luna contestoulle:

Non sei , pero o meu avó era pescador aquí e daquela como puido acabar coñecendo xente en Alemaña?

-Non Luna, o teu avó non era pescador, díxolle Elena, ensinándolle unha carta .

Nesa carta un grupo de espías dicíalle que tiña que marchar para Alemaña “a

unha misión secreta”.

- Como vai ser isto verdade, se o meu avó tiña un barco no porto de Lorbé e con el saía a coller chocos!

- Luna, non só non era pescador, senón que ademais coñecía a unha muller chamada Laila, á que ó parecer lle enviaba moitas cartas- díxolle Nora.

Luna moi alterada e chea de curiosidade colleu a carta e empezou a lela en voz alta:

“Querido Antón: Que tal estás? Eu aquí estou moi ben. Aínda te fago de moito de menos. Gustaríame algún día poder visitar Mera e que me ensines ese faro tan fermoso que dis que ten. Espero que volvas axiña. Brais está desexando ir visitarte.

Asinado: Laila

Agora que o dices o barco do meu avó chámase “Laila”, dixo Luna. Quen sería aquela muller e o máis importante de que se coñecían?

Non se sabe, pero tivo que ter moi boa relación co seu avó, pensaban as rapazas. Ademais apareceron alí máis de vinte cartas, dixo Vera.

Entón Luna dixo: Pois o meu avó endexamais falou dela... E se lle pregunto a miña nai?

Esa pareceulle unha boa idea a todas, así que Luna chamou a súa nai para informarse. Ela díxolle que non sabía nada acerca desa muller, que nunca oía falar dela pero que na antiga habitación do avó dentro da mesa de noite tiña un Diario das súas vivencias, no que ó mellor saía algo acerca dela.

-Entón imos a polo Diario, non si?, preguntou Nora.

As nenas foron á habitación e colleron o Diario buscaron una anaco e nunha páxina encontraron escrito o seguinte:

“Hoxe visitei a Laila e ao pequeno Brais. Paseino moi ben pero custoume moito despedirme do meu fillo. Volverei nunhas semanas para o aniversario de Laila e vou regalarlle un billete para vir a Mera, porque é un lugar precioso e quero que os dous se veñan vivir comigo neste marabilloso lugar. Quero que disfruten nas praias de Santa Ana e Espiñeiro, onde eu me criei de cativo. Que vexan as furnas en Dexo e como asubía o mar nos acantilados e que meu fillo aprenda a pescar no Porto de Lorbé”.

Entón o meu o avó tivo un fillo con Laila e ían vir a Mera pero a miña avoa non

se chama Laila. A miña avoa é María e non coñezo a ningún tío chamado Brais, dixo Luna.

Que pasaría? Preguntou Nora. Xa sei o que podemos facer, podemos buscar por Google o nome de Brais López e ó mellor encontramos ó teu tío.

Luna pensou que era unha moi boa idea e foron a pola *tablet* e alí buscaron a Brais López. Para mala sorte delas, alí aparecía que Laila morrera había dous anos pero Brais non e tiña un negocio chamado “Talleres López”. Buscaron o seu teléfono e tiveron unha idea brillante, invitar a Brais a Mera. Dixéronlle que o chamaba a súa sobriña Luna e el aceptou encantado e sorprendido.

Quedaron de verse no Faro e alí Brais explicoulle toda a historia de amor de seus pais a Luna. Descubriu moitas cousas que non sabía e explicoulle porque non puido vir a Mera e porque o seu pai se casou con outra muller. O caso era que seu avó era un espía por estraño que parecece, e como era moi perigoso para a familia, non podían vivir xuntos. Logo co tempo o seu pai namorouse doutra muller, María, e deixou de ser espía para converterse en pescador en Mera. Pero xamais os esqueceu nin deixou de querelos nin visitalos cando podía. O mellor da historia foi que miña avoa sabía que seu home amara a outra muller e tivera outra vida pero entendíao, porque nunca llo ocultara.

FIN